

As redes sociais

Texto sen conectores

Son as redes sociais unha vantaxe para compartir información? Son un problema que afecta a privacidade de cadaquén? As redes sociais son estruturas impostas por grupos de persoas conectadas por un ou varios tipos de relación. Usámolas para compartir intereses, información... O propio Mark Zuckerberg definiu este fenómeno como o inicio dun novo comezo para o ser humano.

As redes convertéronse nun fenómeno social que está a revolucionar a forma de comunicarse e interactuar. A súa capacidade para transmitir información a calquera parte do mundo nun tempo récord e a posibilidade de establecer relación con máis persoas dun xeito sinxelo converteron este tipo de comunicación nunha das máis aclamadas.

Unha gran parte da poboación utiliza as redes sociais porque lle permiten desenvolver afeccións. Facilitan asistir a eventos e participar en actos e conferencias. Sonme unha ferramenta moi útil. Axúdanme a manter o contacto cos amigos e familiares, cos que viven lonxe.

Nas redes non todo son vantaxes. O recente informe da Axencia de Protección de Datos amosa que máis do 40% dos usuarios teñen o seu perfil con datos persoais sensíbeis. Téñeno configurado para que calquera o poida ver. Todos coñecemos casos de persoas que permiten o acceso ao seu enderezo real e sofren acoso presencial. Apréciase cada vez máis o problema da adicción que poden crear. Moitas veces provocan tal obsesión que reteñen a quen a padece durante horas "enganchado". As autoridades recomendan un uso responsábel.

Creo que as redes sociais son un magnífico instrumento para comunicar e intercambiar opinións ou imaxes con persoas próximas, socializar e informarse en calquera lugar de xeito rápido e sinxelo. Non debemos usalas sen ningún tipo de control. Non esquezamos que poden converterse nunha ameaza para a nosa privacidade e seguridade.

As redes sociais

Son as redes sociais unha vantaxe para compartir información ou un problema que afecta a privacidade de cadaquén? **Certamente**, as redes sociais son estruturas impostas por grupos de persoas conectadas por un ou varios tipos de relación **co fin de** compartir intereses, información... **De feito**, o propio Mark Zuckerberg definiu este fenómeno como o inicio dun novo comezo para o ser humano.

Neste sentido, as redes convertéronse nun fenómeno social que está a revolucionar a forma de comunicarse e interactuar. **En efecto**, a súa capacidade para transmitir información a calquera parte do mundo nun tempo récord e a posibilidade de establecer relación con máis persoas dun xeito sinxelo converteron, **sen dúbida**, este tipo de comunicación nunha das máis aclamadas.

Ademais, unha gran parte da poboación utiliza as redes sociais porque lle permiten desenvolver afeccións. **Así mesmo**, facilitan asistir a eventos e participar en actos e conferencias. **No meu caso**, son unha ferramenta moi útil porque me axudan a manter o contacto cos amigos e familiares, **sobre todo** cos que viven lonxe.

Mais, **por outro lado**, nas redes non todo son vantaxes. **Segundo** o recente informe da Axencia de Protección de Datos, máis do 40% dos usuarios teñen o seu perfil con datos persoais sensíbeis **e, por enriba**, configurado para que calquera o poida ver. **Por exemplo**, todos coñecemos casos de persoas que permiten o acceso ao seu enderezo real e, **dese xeito**, sofren acoso presencial. **Alén diso**, apréciase cada vez máis o problema da adicción que poden crear. Moitas veces provocan tal obsesión que reteñen a quen a padece durante horas "enganchado". **É por iso que** as autoridades recomendan un uso responsábel.

En definitiva, creo que as redes sociais son un magnífico instrumento para comunicar e intercambiar opinións ou imaxes con persoas próximas, socializar e informarse en calquera lugar de xeito rápido e sinxelo, **pero** non debemos usalas sen ningún tipo de control. **Porque** non esquezamos que poden converterse nunha ameaza para a nosa privacidade e seguridade.